

Á Mesa da Comisión 1.^a, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada **Patricia Vilán Lorenzo**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda** á Proposición non de lei en Comisión do Grupo Parlamentario de En Marea, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa creación dos grupos de emerxencias supramunicipais de Maceda, Allariz, Silleda e A Veiga, así como da Montaña lucense (10/PNC-003814, documento número 47264)

Emenda de modificación

Débase substituír a parte resolutiva da proposición non de lei polo seguinte contido:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Para a provincia de Ourense, aprobar a creación dos GES de Maceda, Allariz e A Veiga e dotalos de orzamento.
2. Para a provincia de Pontevedra, aprobar a creación do GES de O Grove e dotalo de orzamento.
3. Para a provincia de Lugo, poñer inmediatamente en funcionamento o GES da Fonsagrada, na montaña lucense, con sede en Baleira.
4. Presentar, antes da finalización do presente período de sesións, os novos mapas provinciais de emerxencias baseados no sistema de isocronas, co fin de dar unha resposta eficaz ás emerxencias de Galicia, reducir os tempos de resposta ás emerxencias que se produzan e mellorar os medios xa existentes.”

Pazo do Parlamento, 03 de xuño de 2019

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/06/2019 17:38:16
Nº Rexistro: 50478
Data envío: 03/06/2019 17:38:16.653

Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 03/06/2019 17:37:45

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 03/06/2019 17:37:50



A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa do deputado Jacobo Moreira Ferro, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda á proposición non de lei en Comisión** do Grupo Parlamentario de En Marea (**10/PNC-003814**) (**47264**) sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa creación dos grupos de emerxencias supramunicipais de Maceda, Allaríz, Silleda e A Veiga, así como da Montaña lucense.

Emenda de modificación

Débase substituír o texto da parte resolutiva, polo que segue a continuación:

“O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a :

Convocar o Grupo de Traballo de Emerxencias, unha vez constituídas as corporacións locais e a FEGAMP, para acordar a sede dos novos GES atendendo ao mapa de isocronas existente

Santiago de Compostela, 3 de xuño de 2019

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 03/06/2019 17:14:27

Jacobo Moreira Ferro na data 03/06/2019 17:15:16



A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa da deputada Guadalupe Murillo Solis, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda á proposición non de lei en Comisión** do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego(**10/PNC-003932**) **48682** sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co xogo da billarda

Emenda de modificación

Débase substituír o texto da parte resolutiva, polo que segue a continuación:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia, a:

1. Crear a Federación Deportiva de Deportes Autóctonos.
Recoñecer a billarda como modalidade deportiva.
Integrar a dita modalidade na nova Federación Deportiva.
2. Extender a toda Galicia o módulo creado pola Secretaría Xeral de Deportes (dentro do programa XOGADE), difundido pola Consellería de Educación no ámbito da Delegación de Pontevedra, de divulgación do xogo da billarda no ámbito educativo.
3. Fomentar e apoiar as competicións de billarda que se desenvolven en Galicia.
4. Contemplar como actividade deportiva o xogo da billarda, no ámbito do Plan de Infraestruturas Deportivas de Galicia

Santiago de Compostela, 3 de xuño de 2019



Asinado dixitalmente por:

María Guadalupe Murillo Solís na data 03/06/2019 17:53:19

Pedro Puy Fraga na data 03/06/2019 17:53:34





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa do deputado **Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á Proposición non de lei en Comisión** do Grupo Parlamentar de En Marea con número de rexistro **30862 (10/PNC-002485)**, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa execución das partidas orzamentarias destinadas para o ano 2018 á atención da dependencia e aos servizos sociais de atención ás persoas maiores, o progresivo avellentamento da poboación e as súas consecuencias, así como o acceso e os prazos de concesión das axudas, que figura na orde do día da Comisión 1ª, prevista para o vindeiro 4 de xuño de 2019.

Emenda de adición

Engadir un novo punto 4 co seguinte texto:

"4. Asemade, o Parlamento insta á Xunta a reclamar do goberno do Estado o pagamento dos 188 millóns de euros da débeda dos fondos para o financiamento da dependencia."

Santiago de Compostela, 3 de xuño de 2019

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Deputado do G.P. do BNG





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 03/06/2019 18:06:18

Ana Pontón Mondelo na data 03/06/2019 18:06:24

